


# LAXEIRO

**Día das Artes Galegas 2022**



Autoretrato de Laxeiro, 1948

## **UNIDADE DIDÁCTICA** **Ed. Primaria**

**CEIP RAMÓN DE LA SAGRA, A CORUÑA**  
**CEIP J. FERNÁNDEZ LATORRE, A CORUÑA**  
**CEIP EMILIA PARDO BAZÁN, A CORUÑA**  
**CEIP RAMÓN OTERO PEDRAYO, A LARACHA (A CORUÑA)**  
**CEIP PLURILINGÜE MANUEL MURGUÍA, A CORUÑA**  
**CEIP SALGADO TORRES, A CORUÑA**



XUNTA  
DE GALICIA



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

# O DÍA DAS ARTES GALEGAS


O Día das Artes Galegas é unha celebración instaurada pola Real Academia Galega de Belas Artes no ano 2015 e que se vén celebrando todos os 1 de abril.

Escolleuse esa data porque ese mesmo día,

do ano 1188, o Mestre Mateo colocou as pezas de pedra, os linteis, que coroaban o Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela.

Durante estes anos foron recoñecidos no Día das Artes Galegas o propio Mestre Mateo, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Maruxa Mallo, Alejandro de la Sota, Domingo de Andrade e Luís Seoane.

Este ano a Real Academia de Belas Artes, nunha reunión celebrada na Coruña, decidiu, por aclamación dedicarlle este Día das Artes Galegas ao pintor lalinense Xosé Otero Abeledo, coñecido popularmente por Laxeiro.



**O MESTRE MATEO, AUTOR DO PÓRTICO DA GLORIA, FOI O PRIMEIRO ARTISTA RECOÑECIDO NO DÍA DAS ARTES GALEGAS.**



**LAXEIRO, ISAAC DÍAZ PARDO E LUÍS SEOANE, EN BOS AIRES (ARXENTINA), EN 1955.**

# O DÍA DAS ARTES GALEGAS

---

1. Quen instaurou o Día das Artes Galegas?

---

2. En que ano foi instaurado? Arrodea

**2021**

**2010**

**2015**

**2018**

3. En que data celebramos o Día das Artes Galegas? Colorea.

**14 de abril**

**25 de xullo**

**1 de maio**

**1 de abril**

**17 de maio**

**24 de febreiro**

4. Quen colocou, no ano 1188, as pezas de pedra que coroaban o Pórtico da Gloria?

---

5. Quen foi a única muller homenaxeada no Día das Artes?

---

6. Este ano 2022 homenaxéase un pintor lalinense coñecido por Laxeiro, pero cal é o seu nome completo? Colorea.

**Siro López Lorenzo**

**Isaac Díaz Pardo**



**Xosé Otero Abeledo**

**Camilo Díaz Baliño**

# PALABRAS CRUZADAS


Completa o dameiro usando o nome ou os apelidos dos homenaxeados no Día das Artes Galegas que figuran no recadro.

**SOTA MALLO MATEO SEOANE**  
**ANDRADE LAXEIRO CASTELAO**



CASTELAO

# QUE SABES DO DÍA DAS ARTES? \_\_\_\_\_



1.- ANDRADE 2.- ABRIL 3.- SANTIAGO 4.- PEDRA 5.- LAXEIRO 6.- SEOANE  
7.- MALLO 8.- A CORUÑA 9.- SOTA 10.- MATEO 11.- CASTELAO


## HORIZONTAIS \_\_\_\_\_

1. Apelido dun dos homenaxeados no Día das Artes
2. Mes no que se celebra o Día das Artes
3. Cidade galega na que esta o Pórtico da Gloria
4. Material co que está feito o Pórtico da Gloria
5. Pintor lalinense que se homenaxea este ano 2022
6. Apelido doutro pintor de nome Luís
7. Apelido da única muller homenaxeada, Maruxa...
8. Cidade na que se acordou dedicarlle o Día das Artes a Laxeiro
9. Apelido dun arquitecto, Alejandro de la...
10. Nome do autor do Pórtico da Gloria
11. Segundo apelido de Alfonso Rodríguez

# QUEN SON?

Une cada nome co seu retrato e completa.

**LAXEIRO**



--	--	--	--	--	--	--

**LUÍS  
SEOANE**




**MARUXA  
MALLO**



--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

# LAXEIRO

Xosé Otero Abeledo, coñecido como Laxeiro, está considerado como un dos pintores galegos máis importante de todos os tempos.


Naceu no lugar de Donramiro, na vila pontevedresa de Lalín, o 23 de febreiro de 1908.

Era o maior de sete irmáns dunha familia de labregos. Seus pais emigraron a Cuba e Laxeiro quedou a cargo dos seus avós.

Despois dunha estancia en Cuba volveu a Lalín e montou unha barbaría onde comezou a facer retratos dos seus clientes. Casou con Luísa Villamarín coa que tería unha filla, Mari Cruz.

Desenvolveu a súa carreira artística principalmente en Bos Aires, A Arxentina. Á súa volta a España, en 1970, instalouse en Madrid, Lalín e Vigo, cidade na que faleceu en 1996. Formou parte dos denominados «Os Renovadores», un grupo de artistas galegos que quixeron modernizar a arte galega e do que formaban parte Maside, Colmeiro, Seoane, Souto, Torres...

Laxeiro foi recoñecido ao longo da súa vida con moitos premios: Medalla Castelao, Pedrón de Ouro, Medalla de Ouro de Vigo, a da Bienal de Pontevedra... e neste ano é o artista homenaxeado no Día das Artes Galegas



XOSÉ OTERO ABELEDO, LAXEIRO, UN DOS PINTORES GALEGOS MÁIS IMPORTANTES.



CARTEL, LAXEIRO, 1990

# ACTIVIDADES

---

1. En que lugar de Lalín naceu Laxeiro?

● \_\_\_\_\_

2. Que día naceu?

● \_\_\_\_\_

3. Cal era o seu nome e apelidos?

● \_\_\_\_\_

4. Cantos irmáns eran? Quen era o maior de todos?

● \_\_\_\_\_

5. Que negocio montou á súa volta de Cuba?

● \_\_\_\_\_

6. Cal era o nome da súa muller? E o da súa filla?

● \_\_\_\_\_

7. En que tres lugares viviu á volta da súa estadía en Arxentina?

● \_\_\_\_\_

8. Que nome tiñan o grupo de artistas que querían modernizar a arte galega? Que artistas formaban parte dese grupo?

● \_\_\_\_\_

● \_\_\_\_\_



# A CRONOLOXÍA

---

Recorta e coloca no ano que corresponda os feitos da vida de Laxeiro que figuran nos recadros inferiores.

**1908** ▶

**1921** ▶


**1925** ▶

**1926** ▶

**1970** ▶

**1996** ▶

**2021** ▶



**FALECE NA CIDADE DE VIGO.**

**É A PERSOA HOMENAXEADA NO DÍA DAS ARTES GALEGAS.**

**VOLTA A LALÍN E MONTA UNHA BARBARÍA.**

**VAI VIVIR A MADRID.**

**CASA CON LUÍSA VILLAMARÍN.**

**EMIGRA COA SÚA FAMILIA A CUBA.**

**NACE UN 23 DE FEBREIRO NO LUGAR DE DONRAMIRO, NA VILA PONTEVEDRESA DE LALÍN.**

# O ENCRUCILLADO DE LAXEIRO



## HORIZONTAIS

1. Vila pontevedresa na que naceu Laxeiro
2. Negocio que montou en Lalín ao volver de Cuba e onde comezou a facer os seus primeiros debuxos
3. Outro nome polo que era coñecido Xosé Otero Abeledo
4. Número de irmáns que eran na súa familia
5. Nome da muller do homenaxeado no Día das Artes Galegas de 2022
6. Lugar da vila de Lalín no que naceu
7. Cidade na que no ano 1966 faleceu

1. LALÍN 2. BARBARÍA 3. LAXEIRO 4. SETE 5. LUISA 6. DONRAMIRO 7. VIGO

# A BIOGRAFÍA DE LAXEIRO

Localiza e colorea na sopa de letras as palabras relacionadas coa biografía de Laxeiro que figuran no recadro pequeno. Que palabra do recadro non aparece na sopa de letras? Arrodeáa.




**OTERO  
LALÍN  
BARBARÍA  
ARXENTINA  
CUBA  
VIGO  
ABELED  
FEBREIRO  
DONRAMIRO**

A	Z	M	O	Ñ	I	H	D	T
N	L	C	T	M	F	P	O	L
A	R	X	E	N	T	I	N	A
Ñ	P	E	R	C	G	B	R	L
V	I	G	O	A	I	D	A	I
A	B	E	L	E	D	O	M	N
M	B	C	O	B	V	F	I	B
A	G	U	F	N	H	Z	R	G
F	E	B	R	E	I	R	O	L
X	B	A	R	B	A	R	I	A

# CAL É O SEU TÍTULO?

Resolve o labirinto e descobre o título deste cadro de Laxeiro. Que outro título lle poñerías ti?



O TÍTULO DO CADRO É...

ÓLEO SOBRE TEA, LAXEIRO, 1970

O MEU TÍTULO É...



# O CONTO

---

Continúa o conto baseado no cadro de Laxeiro.

## O TAMBOR DE LORENZO

No lugar de Donramiro, en Lalín, vivía, hai moitos  
anos...



# OUTRO CONTO

Continúa o conto baseado no cadro de Laxeiro usando polo menos tres palabras do recadro. Arrodeáas.

**FRAUTA BONECA MIÑOCA MAZÁ PINTURA OLLO POMBA CADRO**

**TÍTULO**

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---


---



# A COLOREAR!

Colorea este cadro de Laxeiro usando rotuladores. Só tes que prestar atención e seguir o código do recadro.

<b>LARANXA</b>	
<b>NEGRO</b>	
<b>CASTAÑO ESCURO</b>	
<b>VERMELLO</b>	
<b>GRIS</b>	
<b>CASTAÑO CLARO</b>	
<b>AZUL</b>	
<b>BRANCO</b>	



RECORDOS, LAXEIRO, 1966  
ÓLEO SOBRE TEA

# AS OITO DIFERENZAS

Localiza nesta caricatura de Laxeiro oito diferenzas. Colorea.

C. SILVAR/ ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA ILUSTRACIÓN,  
AGPI





# CAL É O TÍTULO? \_\_\_\_\_

Completa o título deste quadro de Laxeiro usando as claves do recadro.

C	D	E	I	M	N	O	Q	R	T	U
□	△	○	▽	■	⬠	●	▶	◐	▮	△




●	○	⬠	▮	○	◐	◑	●	△	●	
■	●	⬠	▽	□	◐	○	▶	△	○	

# COMO RECOÑECER UN LAXEIRO?\_

Seguindo as pistas coas características dos cadros de Laxeiro arrodea as súas obras.

▶ Destaca o trazo negro co que delimita e bordea perfectamente os debuxos.



▶ Os personaxes de Laxeiro son grosos e grotescos, semellan bonecos ou monicreques.




▶ Crea composicións complexas nas que as figuras se amorean enchendo todo o espazo.



# O CREBACABEZAS

---


Recorta as catro pezas do cadro de Laxeiro e móntaas no recadro da parte superior.



# AS CORES DE LAXEIRO

---





Na última época, Laxeiro esquematiza e alonga os seus debuxos. Cambia as cores ocre e terra por cores amarelas, vermellas e azuis, pero segue perfilando os debuxos con negro. Poderías colorear este debuxo de Laxeiro coas cores que utilizaba na súa última época?



# A CARICATURA

---

Serás quen de facer unha caricatura de Laxeiro? Escolle unha das súas fotografías e... adiante!



# OS TÍTULOS


Coloca o título de cada cadro onde corresponda.

**MATERNIDADE**

**NENAS RECOLLENDO FLORES**

**NENA CON BONECA**

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--



--	--	--	--

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

--	--	--	--	--

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

--	--	--	--	--	--



# VIDA E MILAGRES DE LAXEIRO —

Xosé Neira Vilas

Imos cantar ben cantado  
sen zanfona e sen pandeiro  
en homenaxe a quen cumpre  
oitenta e cinco febreiros,  
con tanta vitalidade  
coma un buxo sempieterno.  
En homenaxe a este home,  
en homenaxe a aquel neno  
que naceu en Donramiro  
un día frío de inverno,  
e que agora anda por Vigo  
con bufanda e con sombreiro,  
dicindo que en moitos anos  
non pensa chegar a vello.



**Caricatura de Laxeiro, Luís Seoane**

Este mozo ten por nome  
Xosé Otero Abeledo.  
Quen o coñece por tal?,  
nin sequera no concello...  
Pero en trescentas provincias  
saben ben quen é Laxeiro


Cantémoslle, pois, señores  
entre todos nós cantemos  
ao amigo sincero e nobre,

ao artista que honra estes eidos,  
ao filósofo que rindo  
fala de asuntos moi serios;  
a este santo sen altares,  
algo bruxo e algo demo  
que sabe sorrirle á vida  
e zorregarlle aos babecos.

Laxes de Botos, do Deza  
formaron este Laxeiro  
inventor de mil fantasmas  
que soñou dende moi neno,  
meigo e mago, bo argallante  
de fantasiosos misterios  
que rebolen nos pinceis  
e fan de todo nos lenzos.

Andan os mitos e as lendas  
no seu artístico enxeño  
e no seu maxín enredan  
maxias, entroidos e mecos  
coma nun monte sen cabo,  
coma nun curral aberto,  
en fecunda romaría,  
en desbordante concerto;  
Don Quixote sen tolemia  
diante dos muíños de vento.

Foise para Cuba hai anos  
foi un emigrante neno,



**CARNAVAL, 1985**



e debuxa que debuxa  
xa era artista sen sabelo,  
e volta logo a Galicia  
e improvísase barbeiro  
mentres con febre no lápis  
xogando pinta bonecos  
ata que un día por fin  
decidiu tomarse en serio.  
Logo estuda en San Fernando  
e anda moito nos museos  
ollando e choscando os ollos  
diante dos grandes mestres,  
pois valora a obra allea  
aínda que el xa ten seu vieiro.

Asenta en Lalín de novo,  
fai pouso no seu turreiro,  
pinta cal pintan os anxos  
-se os anxos soubesen diso-.  
Xa é un artista consagrado,  
un artista verdadeiro  
metido na pel dun home  
nobre, modesto e sinxelo  
que se ri dos monifates  
que andan pola vida tesos.

Para medirse co mundo  
e para fuxir do tedio  
vaise un día a Buenos Aires,  
colle ese novo carreiro



**MATERNIDADE, 1985**

e alá vive e alá pinta  
ao son de tangos malevos,  
e un día volve ao recanto  
dos seus andares primeiros,  
torna a Galicia traguido  
polo sarillo dos ventos.

Cantémoslle, bos amigos  
todos en rolda cantemos  
porque se atopa connosco  
forte, lúcido, contento,  
este gran artista noso,  
este pintorazo esgrevio  
que para manterse mozo  
firmou un pauto co demo  
e cumpre un martes de entroido  
oitenta e cinco febreiros.

Porque viva moitos anos  
todos a unha brindemos:  
Pola vida, polas artes,  
por Galicia, por Laxeiro!



**CONTOS DO POBO, 1956**

Versos, a xeito de romance, escritos por Neira Vilas, en febreiro de 1993, polo oitenta e cinco aniversario de Laxeiro e lidos na súa homenaxe, nun restaurante do barrio vigués de Alcabre.